



CONCELLO DA MEZQUITA

BANDO

AXUDAS AUTÓNOMOS PARA A CONTRATACIÓN INDEFINIDA

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que con data 17 de xaneiro de 2025, publicouse no DOGA N.º11 Orde de 27 de decembro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e á formación de persoas asalariadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TR349F).

Requisitos xerais:

-Ser galego/a e nacida/o en Galicia, acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga, estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculado a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno, estar empadroada nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos particulares:

- Que as persoas contratadas sexan desempregadas.
- Que as contratacións se realicen dentro do período subvencionable, que comprende dende o 1 de outubro de 2024 e ata o 30 de setembro de 2025, ambas datas incluídas.
- Que as contratacións teñan lugar con anterioridade ó mesmo día da solicitude de axudas.
- Que estén comunicadas ao Servizo Público de Emprego, a través da aplicación Contrat@ no prazo de 10 días hábiles dende o seu inicio.

Persoas beneficiarias:

Por esta orde, as persoas traballadoras autónomas o as persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia, pola primeira, segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido.

Importes das axudas: 7.000,00€. primeira persoa traballadora, incrementándose ata 9.000,00€ no caso de que a persoa contratada pertenza a algún colectivo protexido, 9.000,00 para a segunda contratación, incrementándose para o caso que a persoa contratada pertenza a algún colectivo protexido. En calquera caso poderanse incrementar ata un 15% a maiores acumulables entre si, cumprindo determinados requisitos.

Prazo: 24/01/2025 ata 30/09/2025

Obrigas: a persoa beneficiaria deberá manter na súa plantixa á persoa traballadora contratada por un tempo mínimo de trinta e seis meses, no caso de baixa deberase substituír por outra coas mesmas condicións.

Enlace (DOG páxina 4283) : https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2025/20250117/Secciones1_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=17/01/2025&compMenu=10102

En A Mezquita, a 20 de xaneiro de 2025.
O ALCALDE,
(documento asinado dixitalmente na marxe)
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

